

# Irmáns de leite

**T**ER un irmán, queiras que non, implica ter un parecido. Mencionar un nome, Basallo (Ourense 1952), significa recordar dous grandes creadores: o anciano Gepetto e o grande escultor americano, Calder. Estes dous personaxes crearon con un material moi apreciado polo noso escultor ourensan, a madeira, o primeiro, o coñecidísimo e entrañable personaxe que chegou ós fogares de todo o mundo, Pinocho; o segundo, os tan difundidos móbiles. Son os móbiles precisamente cos que Basallo experimenta e xoga.

Os tres, anque parten da madeira, empregan igualmente outros materiais como a corda, e no caso de Basallo: o cartón, o cobre, o ferro, a tea, o papel, o plástico..., materiais cotiáns que enxalta enormemente.

Os tres decidiron optar por crear figuriñas articuladas, moitas das veces antropomorfas que pertençen a un mundo lúdico.

Os tres crean xoguetes que levan son e que se desenvolven no espacio.

Os tres, e en especial Basallo, coas súas respectivas obras, logran evadi-lo espectador, conducilo a un contorno máxico con elementos simples, sinxelos, descontextualizados moitas veces do seu uso habitual para dotalos dun indubidable valor artístico. O quefacer máis recente do menor desta saga púidose contemplar durante esta temporada na Casa da Perra, e esperamos que a súa obra, tanto o pequenísimo como o gran formato empregado, quede no noso subconsciente como nos quedou a dos autores citados.

**Fátima Otero**